

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN
VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL
SESIÓN ORDINARIA DO 14 DE DECEMBRO DE 2016**

A C T A

Ás 14:00 horas do día indicado, reúnen-se na sala común de e-meeting do mestrado os membros reseñados a continuación:

Asistentes (5):

Beatriz P. Comendador Rey, Natalia Caparrini Marín, Belén Riveiro Rodríguez, Mercedes Solla Carracelas e M^a Beatriz Vaquero Díaz.

Asiste con voz pero sen voto (1):

Susana Reboreda

ORDE DO DÍA:

1. Informe da presidenta:



Agasallo da reunión : libreta

Informe seguimento: avalía a ACSUG e hai unha nova plataforma que crea algunhas dúbidas: o servizo de Calidade de Vigo vai enviar instrucións. Entrega ata marzo 2017. Bea vai intentar pechar o informe en xaneiro pero quedará pendente revisar e aprobar o plan de melloras.

Convocatoria adiantada de TFM: o tribunal terá que xulgar un único TFM, o de Sergio Pereira (titorado por Elena de Uña). Actuará o tribunal 1 [Bea, Natalia, Rosa Ricoy (suplente Yolanda)].

2. Aprobación se procede das actas da sesión do 15/11/2016.

Apróbanse por asentemento as actas da sesión do 15/11/2016.



3. Aprobación, se procede, de modificación puntual da Normativa de TFM.

Apróbase por asentemento a modificación puntual da Normativa de TFM, relacionada coa participación como coordinadores de persoas de institucións ou empresas alleas ao mestrado. Cristina López, nova directora posgrao, escribiu para informar de que era posible sempre que o regulamento non o prohibira [se a natureza do TFM o require poden formarse equipos tutoriais]: “Art. 13. O Traballo de Fin de Máster poderá ser cotutorizado por persoas pertencentes a institucións o empresas aunque no sean conferenciantes externos que participen en el Máster, que igualmente deberán contar co visto e prace da Comisión Académica. Neste caso existirá unha persoa titora académica que compartirá coa persoa cotitora externa as tarefas de dirección e orientación do/da estudante, e será, en calquera caso, responsabilidade da persoa titora académica facilitar a xestión”.

4. Aprobación, se procede, das solicitudes de TFM do curso 2016/2017.

Apróbase por unanimidade a solicitude de TFM de Javier Gámez Sánchez, coa cotutoría de Beatriz Comendador Rey (interna) e Pablo Alonso González (externo) para o traballo titulado: “Principios de interpretación del Centro Histórico de Manizales (Colombia) en el marco del Paisaje Cultural”.

5. Aprobación, se procede, do listado definitivo de asignación de centros de prácticas e titoras académicas do curso 2016/2017.



Apróbanse por asentemento lista e titoras (ANEXO 1).

6. Discusión sobre posibilidades para a remodelación e futuro do mestrado.

A prof^a. Belén Riveiro, en seu nome e no da Escola de Minas e das prof^{as}. Natalia Caparrini e Mercedes Solla, expón que a vontade e intención da Escola de Minas é seguir adiante co mestrado e para elo están dispostos a asumir calquera das remodelacións posibles (*vide* cadro en ANEXO 2).

A coordinadora Beatriz Comendador, en seu nome e no da secretaria Beatriz Vaquero, comenza a súa intervención agradecendo ás prof^{as}. Belén Riveiro e Mercedes Solla o seu traballo, e a continuación expón o seguinte:

1. Seguindo a proposta da anterior reunión, fíxose unha consulta dos apoios existentes para afrontar a remodelación do máster. Consultada vía e-mail a prof^a. Teresa Rivas, profesora titular da Escola de Minas e coordinadora do módulo 3 (e





docente no mesmo) ata o curso 2015/2016, sobre o seu parecer con respecto as posibilidades de remodelación e continuidade do título, a resposta foi: ... (*puntos suspensivos*).

Esta resposta dificulta de xeito importante a continuidade do mestrado porque entendemos que o seu labor e implicación sería fundamental nos contidos referidos á Conservación e Restauración, e tamén porque é a coordinadora do *Programa de Doutoramento en Patrimonio Cultural* ao que está vinculado o máster.

2. En segundo lugar, a saída de 12 profesores do máster dende o seu inicio ata a actualidade é outro problema grave pola perda de recursos humanos, e polo incremento de traballo que supón para os que continúan, especialmente no referido á dirección de TFMs.
3. En conclusión, o equipo de coordinación considera por todos estes aspectos a remodelación do mestrado tería que ser unha remodelación en profundidade e que non percibe o apoio suficiente para asumir esta nova encomenda nestas condicións estando ao fronte do mesmo. Expón que as novas posibilidades de remodelación tras estas consultas, supoñen o re-deseño dun proxecto de mestrado novo que non asumirá polas razóns expostas, e polo tanto pon o seu cargo a disposición para que poida ser informado con certo marxe, para que outros docentes podan asumilo.

A prof^ª. Natalia Caparrini afirma estar sorprendida por esta decisión dado que pensaba que a discusión versaría unicamente sobre os tres niveis de remodelación da titulación. Pregunta ademais que entende a coordinadora como falta de apoio da Escola de Minas.

A coord^a. Beatriz Comendador resposta que, na súa opinión, apoiar non é unicamente manifestar acordo con todo o que se propón. A falta de apoio percíbese por exemplo, na falta de resposta ata esa data da propia prof^a Natalia Carrini, que non estivo presente na última reunión da CAM nin enviou a súa opinión respecto as propostas que se fixeron nela, ou na drástica redución do profesorado do máster que se observa ao facer o informe de seguimento. Por outra banda, sinala o agradecemento persoal polo apoio prestado ás profesoras Mercedes Solla e Belén Riveiro, membros da CAM pola Escola de Minas, , pero manifesta a súas dúbidas dado o carácter actual da súa vinculación coa Universidade de Vigo; por unha banda, a prof^a. Mercedes Solla é actualmente externa, polo que ten dúbidas sobre que permanecer como membro da CAM dada a súa condición de externa; por outra banda, porque Belén Riveiro, Profesora Axudante Doutora, imparte no presente curso unha docencia mínima a pesar de coordinar o módulo 2.



En calquera caso aclara que o equipo de coordinación ao poñer os seus cargos a disposición, non decide sobre a continuidade do máster, senón unicamente sobre a súa propia continuidade. Por outra parte, aclara que tanto ela como a secretaria están dispostas a seguir impartindo docencia na titulación e que, en caso necesario, continuarían á fronte desta ata a súa extinción.

A prof^a. Natalia Caparrini resposta que non se compromete a traballar no mestrado porque coa dirección da escola está moi ocupada, pero que nos últimos anos houbo profesorado de Minas implicado no máster, e sinala que o equipo actual fíxose cargo da coordinación porque a titulación foi adscrita á Facultade de Historia.

A prof^a. Belén Riveiro intervén para salientar que o apoio ao mestrado non se limita a ela mesma e ás prof^{as}. Natalia Caparrini e Mercedes Solla, senón que hai máis profesores que o apoian. E que aínda que é certo que no seu grupo de investigación varios profesores deixaron a docencia por motivos persoais, hai máis profesorado interesado en colaborar.

Pola súa parte a prof^a. Mercedes Solla afirma que xunta á prof^a. Belén Riveiro estiveran xa traballando na posibilidade de asumir máis carga docente no módulo 2 para compensar parcialmente a caída do módulo 3. Respecto aos problemas xerados pola súa condición de externa cre posible solventalos asinando un convenio entre a universidade e o Centro da Defensa.

A secr^a. Beatriz Vaquero intervén para corroborar as palabras da coordinadora respecto á decisión tomada polo equipo. Considera tamén que no caso de que houbo profesorado da Escola de Minas disposto a facerse cargo da coordinación non debería haber ningún problema en adscribir o título a ese centro.


A prof^a. Natalia Caparrini indica que a súa intención non era reclamar a coordinación nin a adscrición para a Escola de Minas.

A prof^a. Susana Reboreda afirma que como decana da Facultade de Historia considera fundamental salvar o mestrado, se pode ser coa coordinación desa Facultade mellor, pero que tamén o consideraría positivo se para conseguilo houbera que adscribilo á Escola de Minas.


Dada a relevancia da decisión que a CAM debe tomar, acórdase por asentemento programar unha nova reunión para despois do Nadal na que se decida o futuro do máster.

7. Rolda de intervencións.

Non hai intervencións.



HTCO₃



MÁSTER EN VALORACIÓN,
GESTIÓN E PROTECCIÓN DO
PATRIMONIO CULTURAL

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión.

Ourense, a 14 de decembro de 2016

A Coordinadora

Asdo. Beatriz Comendador Rey

A Secretaria

Asdo. M^a Beatriz Vaquero Díaz

DILIXENCIA

Para facer constar que esta Acta foi lida e aprobada na Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do día 09/02/2017.



A Secretaria,

M^a Beatriz Vaquero Díaz

ANEXO 1: Listado definitivo Prácticas 2016/2017.



HTCO3_Practicas_listado_definitivo_2016



ANEXO 2: Opcións de remodelación propostas na CAM do 15/11/2016.

1. Remodelación do módulo 3 Remodelación mínima esperando ao 3+2. Eliminar á escola da memoria, recompoñer o módulo 3 con profesorado de empresas ou institucións, sempre que a profesora Teresa Rivas queira seguir coa docencia que tiña.
2. Remodelación intermedia: debería buscarse un socio que substitúa á Escola de Restauración e Conservación, por exemplo a Fundación Santa María la Real.
3. Remodelación completa: variando materias e módulos. Aumentaríase a carga docente das materias do módulo 2 que, en opinión do alumnado, necesitan máis tempo.